



DOCUMENTO DE
SÍNTESE DA
AVALIACIÓN INTERNA
PARA O PLAN DE AUTOAVALIACIÓN e
MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA
PARA O CURSO 2011-2012
IES CANIDO – FERROL



a) Introducción

Na memoria da 1ª renovación do plan de autoavaliación e mellora da calidade do IES Canido desenvolto no noso centro no curso 2010-2011 indicábase con respecto a unha das actividades do plan: ***“Desenvolver actividades que fomenten o desenvolvemento do currículo segundo as competencias básicas. Valoración = 3. Ademais de volver a replantexarnos o método de avaliación das competencias e, de acordo con isto, cambiar a aplicación que nos permite concretar a valoración das competencias, estivemos a traballar no deseño de actividades que nos permitan traballar as competencias básicas na aula dun xeito máis óptimo”.***

Nas previsións de futuro da citada memoria, sinalábase: ***“En que deberíamos seguir traballando dentro ou fora do Plan de autoavaliación? Desenvolver actividades por materias que nos permitan adecuar o traballo docente ás competencias básicas (incidir neste obxectivo; so se tratou dun xeito limitado en poucas materias)”***

Xa estaba no sentir dos docentes do IES Canido o traballar o currículo coas competencias básicas como referencia, polo que as liñas prioritarias que establece a orde de convocatoria dos plans de autoavaliación e mellora encaixa perfectamente co pensamento xeral dos docentes do centro.

b) Recollida de información sobre o desenvolvemento das competencias do alumnado do centro, tanto da derivada da avaliación de diagnóstico como das avaliacións propias realizadas polo centro.

As avaliacións do proceso de aprendizaxe faise no IES Canido tendo como referencia os obxectivos de etapa e nivel e as competencias básicas. O alumnado e os seus responsables reciben un informe individualizado que indica a xuízo dos equipos docentes de cada grupo o nivel competencial dos integrantes do grupo, feito que se analiza nas sesións de avaliación.

A avaliación diagnóstica correspondente ao curso académico 2009-2010 (non dispoñiamos á hora de redactar este documento dos resultados da última avaliación diagnóstica) revela que na competencia en comunicación lingüística e na competencia matemática os alumnos de 2º ESO (feita con relación a alumnos de 3º ESO por retraso na execución da proba) do IES Canido están nun termo medio xeral con respecto aos centros de Galicia. Isto indica que temos que seguir a traballar para tratar de conseguir un maior grao de excelencia a nivel competencial.




c) Análise dos resultados anteriores, detallando a metodoloxía empregada.

Os resultados a nivel global en ambas competencias foron os seguintes:

Ensinanza: Educación Secundaria Obrigatoria

Centro: 15021470 - IES Canido

Promedios globais do centro



Na avaliación interna realizada polo centro e tomando como mostra un grupo de 26 alumnos da ESO (mostra suficientemente representativa do total), abarcando as 8 competencias básicas, os resultados foron os seguintes:

COMPETENCIA	NIVEL COMPETENCIAL						ACEPTABLE
	MOI BAIXO	BAIXO	ACEPTABLE	BO	MOI BO	EXCELENTE	
Competencia en comunicación lingüística	5	3	6	5	6	1	42,31%
	19,23%	11,54%	23,08%	19,23%	23,08%	3,85%	
Competencia matemática	6	3	9	3	4	1	51,92%
	23,08%	11,54%	34,62%	11,54%	15,38%	3,85%	
Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico	6	4	8	2	5	1	53,85%
	23,08%	15,38%	30,77%	7,69%	19,23%	3,85%	
Tratamento da información e competencia dixital	5	5	8	5	2	1	53,85%
	19,23%	19,23%	30,77%	19,23%	7,69%	3,85%	
Competencia social e cidadá	5	3	8	4	5	1	46,15%
	19,23%	11,54%	30,77%	15,38%	19,23%	3,85%	
Competencia cultural e artística	5	4	7	3	6	1	48,08%
	19,23%	15,38%	26,92%	11,54%	23,08%	3,85%	
Competencia para aprender a aprender	6	5	6	6	2	1	53,85%
	23,08%	19,23%	23,08%	23,08%	7,69%	3,85%	
Autonomía e iniciativa persoal	6	5	6	6	2	1	53,85%
	23,08%	19,23%	23,08%	23,08%	7,69%	3,85%	



A metodoloxía da avaliación diagnóstica é de coñecemento público (publicada no DOG).

En canto a avaliación interna (os resultados son da avaliación ordinaria) séguese a seguinte metodoloxía:

- 1) Coas notas numéricas como base e unha ponderación aprobada en claustro e que forma parte do proxecto curricular do centro, asígnase unha valoración inicial a cada unha das competencias.
- 2) Na sesión de avaliación o equipo docente analiza se as cualificacións se corresponden co nivel competencial real. No caso de que algunha competencia estea supra ou infravalorada, faise a corrección oportuna.
- 3) Por último, emítense un informe de desenvolvemento das competencias básicas para cada alumno que se xunta as notas de contido numérico tradicionais que teñen como referencia os obxectivos do nivel, os criterios de avaliación e as competencias básicas.

d) Conclusións xerais derivadas da análise anterior.

Tanto do análise da avaliación diagnóstica como da avaliación interna do centro infírese unha deficiencia en aspectos básicos como a comprensión lectora, en rapidez e fiabilidade do cálculo mental, no coñecemento do mundo físico e naquelas competencias que centran a atención no desenvolvemento do individuo como son a competencia de aprender á aprender e a autonomía e iniciativa persoal.

As liñas prioritarias, marcadas na orde de convocatoria dos plans de mellora e autoavaliación dos centros, teñen polo tanto como centro de referencia as competencias básicas no desenvolvemento do currículo e na desenvolvemento do proceso de aprendizaxe do que os docentes somos unha das columnas do proceso.

e) Concreción da liña de traballo sobre a que se pretende profundar e que se considera, dadas as peculiaridades de cada centro, que é a que máis repercute na súa calidade.

Parécenos que se incidimos naquelas competencias que dalgún xeito están na base das demais, a competencia en comunicación lingüística e a competencia matemática o nivel competencial xeral do nosos alumnos mellorará dun xeito apreciable. Consideramos, polo tanto, que se os traballos, materiais didácticos e curriculares así como a actividade docente inciden dun xeito claro nesas competencias conseguiremos o anterior obxectivo.



Por esta razón, pretendemos desenvolver como actividades do plan aquelas que nos permitan mellorar o nivel competencial dos nosos alumnos.

f) Aspectos susceptibles de mellora.

Os resultados obtidos ao finalizar a convocatoria ordinaria do curso 2010-2011 demostran que temos que traballar cos alumnos desde a perspectiva das competencias, prestando especial atención á competencia matemática, á lingüística (porque está na base das demais competencias) e as que se refiren ao desenvolvemento persoal.

Director do IES CANIDO



Asdo: Andrés Manuel Díaz Prieto